

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
TIPO_VENTA.	Texto.	Tipo de venda (1).

(1) Tipo de venda:

X: na refinaría (Ex-refinaría).

M: En instalacións aeroportuarias.

A: no avión (on-board).

O nome do ficheiro codificarase como ISAFMZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ISA: identifica que se trata de instalacións de fornecemento a aeronaves.

FM: identifica a frecuencia mensual mínima.

ZZZ: código alfabético do operador segundo a táboa 1.

AAAAMMDD: data do envío.

XXX: formato do ficheiro (xls para «Excel»).

### III.2 REMISIÓN ANUAL DE INFORMACIÓN DE CANTIDADES VENDIDAS

A información deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web <http://www.mityc.es/OficinaVirtual> de maneira análoga ao exposto no número B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 18

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
NÚM_REG/FIRMA.	Texto.	Número de rexistro da instalación (véxase a táboa 1) ou sinatura (véxase a táboa 2) segundo corresponda.
AÑO.	Texto.	Formato aaaa.
AEROPUERTO/REFINERÍA.	Texto.	Aeroporto ou refinaría en que se produce a venda, segundo corresponda.
COPOSTAL.	Texto.	Código postal da instalación: XXXXX (aeroporto ou refinaría, segundo proceda).
CANGNAV.	Número.	Cantidade vendida do produto gasolina de aviación.
CAN_JET_A1.	Número.	Cantidade vendida do queroseno de aviación Jet A1.
CAN_JET_A2.	Número.	Cantidade vendida do queroseno de aviación Jet A2.
TIPO_VENTA.	Texto.	Tipo de venda (véxase a táboa 17).

O nome do ficheiro codificarase como ISAFACZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ISA: identifica que se trata de instalacións de fornecemento a aeronaves.

FAC: identifica a frecuencia anual cantidades.

ZZZ: código alfabético do operador segundo a táboa 1.

AAAAMMDD: data do envío.

XXX: formato do ficheiro (xls para «Excel»).

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido, expresado en metros cúbicos con tres decimais.

Cando nun mesmo ano se vendan distintas cantidades mediante diferentes tipos de venda, incluírase no arquivo unha fila por cada tipo de venda.

Nota: todos os arquivos Excel mencionados no anexo conterán unha folla única.

midade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

En outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1. b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte suroriental da península ibérica. Tras un silencio epizootiolóxico desde finais de 2004, a enfermidade emerxeu outra vez na península en xullo de 2005, cesando a circulación viral novamente en decembro de 2005, ao deterse a actividade dos vectores transmisores dela.

As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, modificada recentemente pola Decisión 2006/64/CE da Comisión, do 1 de febreiro de 2006, polo que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España e Portugal e a Decisión 2006/273/CE, do 6 de abril de 2006, no que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España, e que suprime as Illas Baleares da lista de zonas restrinxidas.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron posteriormente modificadas, á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no Plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**7413** *ORDE APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 99, do 26-4-2006.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfer-

ou lingua azul, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/1/2006, do 10 de xaneiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, ao considerarse que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e por tanto, non existe risco de circulación viral en tal zona.

A análise dos últimos datos obtidos co Programa nacional de vixilancia entomolóxica e serolóxica, e dos datos históricos, permite concluir o reinicio gradual da actividade de *Culicoides imicola* en zonas cualificadas na Orde APA/1/2006, do 10 de xaneiro, como «estacionalmente libres», o que xustifica o restablecemento do réxime normal de movementos previsto na normativa comunitaria. En consecuencia, procédese á publicación dunha nova orde que regula a actual situación, así como un réxime transitorio aplicable ás zonas anteriormente cualificadas como estacionalmente libres e que agora aparecen recollidas no anexo II desta orde, onde se cualifican as provincias e comarcas en función da data de reinicio da actividade de *Culicoides imicola*.

O movemento cara á zona libre de animais sensibles para vida desde explotacións situadas nestas provincias ou comarcas unha vez aparece o vector ou se se constata a reaparición da enfermidade e, en todo caso, a partir das datas máximas respectivas fixadas no anexo II, estará suxeito ao réxime normal de movementos previsto na normativa comunitaria.

Con base na situación epidemiolóxica na zona restrinxida en España pola lingua azul, e debido á dificultade de manexo das reses de lida, faise necesario implantar un control sanitario específico para estas reses cando se destinen a espectáculos taurinos, que garanta que a enfermidade non se transmite ao resto do territorio, en función do tipo de espectáculo e de acordo coa avaliación e xestión de risco que leven a cabo as autoridades sanitarias competentes segundo o establecido na presente orde.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, dispoñido:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas nos artigos 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, e 2.a) do Real decreto 1939/2004, do 27 de setembro, polo que se regula a cualificación sanitaria das gandarías de reses de lida e o movemento dos animais pertencentes a estas.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida: a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades de Ceuta e Melilla e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

As provincias de Cádiz, Málaga, Sevilla, Huelva, Córdoba, Toledo e Ciudad Real.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, Cebreros, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero e San Martín de Valdeiglesias.

b) Zona libre: o resto do territorio nacional.

c) Centro de mostraxe para a lingua azul: aquela instalación baixo control da autoridade veterinaria competente, na cal se mantén un grupo illado de animais protexidos da acción de *Culicoides*, ben por ser unha instalación creada para tal fin ou por ser unha explotación gandeira na cal se colocasen os dispositivos necesarios para impedir a entrada de *Culicoides*, durante un período de tempo adecuado, co fin de someter os animais a probas de diagnóstico fronte á lingua azul.

d) Espectáculo taurino: os clasificados así no artigo 25 do Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e dá nova redacción ao Regulamento de espectáculos taurinos. Tendo en conta o risco sanitario fronte á lingua azul, os espectáculos taurinos con animais non vacinados clasifícanse en dous grupos:

Tipo I: espectáculos taurinos en prazas con desembarco das reses nas 72 horas previas á lida ou sacrificio, e nos cales os animais estean en destino protexidos do vector transmisor da lingua azul, ou ben nos cales non se constatou a súa presenza en destino. No caso de existir actividade de vector capaz de transmitir a enfermidade, os animais permanecerán en currais protexidos da acción do vector, ben por estaren arquitectonicamente pechados, ben por se ter colocado mosquiteiros tratados con produtos repelentes nos lugares en que permanezan os animais, os cales poderán abandonar exclusivamente durante un período de tempo mínimo co fin de proceder aos recoñecementos previos á lida que exige a lexislación vixente.

Tipo II: espectáculos taurinos celebrados fóra das prazas de touros, outros espectáculos taurinos e aqueles espectáculos previstos como tipo I cuxos organizadores non presenten a documentación requirida ou non cumpren os requirimentos de protección dos animais fronte ao vector.

#### Artigo 3. *Centros de mostraxe para a lingua azul.*

1. Nos centros de mostraxe para a lingua azul deberán cumprirse polo menos as seguintes condicións:

a) Proceder á limpeza, desinfección e desinsectación do centro entre cada partida de animais que se introduza para a mostraxe fronte á lingua azul.

b) Utilizar insecticidas/repelentes en todos os animais antes da entrada no centro, e coa frecuencia de aplicación axustada á duración de efectividade deste, segundo as indicacións do produto e as recibidas do veterinario de explotación.

c) Poñer en todas as naves da explotación mallas con diámetro de paso igual ou inferior a 5 mm en ventás, portas e outras posibles aberturas, impregnando estas mallas con insecticidas que teñan ademais efecto repelente. Repetir a impregnación antes de que perda algún dos dous efectos, seguindo as indicacións do veterinario, e polo menos repetir a aplicación cada 20 días, ou sempre que a chuvia fose de tal intensidade que puidese producir o arrastre dos principios activos. O titular debe coidar que o po non se acumule nelas, aplicando de novo os insecticidas con posterioridade a cada limpadura das mallas.

d) Tratamento con insecticidas autorizados de esterqueiras e zonas húmidas da explotación anexas a estas instalacións.

e) Levar un rexistro escrito das aplicacións realizadas cos repelentes e insecticidas, con indicación expresa das datas de aplicación.

f) Levar un rexistro detallado das entradas e saídas dos animais, coa súa identificación individual e as explotacións de orixe e destino.

g) Comunicar inmediatamente aos servizos veterinarios oficiais, a sospeita de calquera sintomatoloxía que poida ter os animais, e que poida ser compatible coa lingua azul.

2. A aparición de animais positivos á técnica analítica de determinación de lingua azul dará lugar á realización dun estudo polas autoridades de sanidade animal de orixe, de forma que permita descartar o risco de que o resto dos animais do centro de mostraxe poidan estar infectados, caso en que se poderá autorizar a saída de animais negativos do centro. Este feito porase en coñecemento das autoridades competentes de destino.

3. Os servizos veterinarios oficiais inspeccionarán con, polo menos, unha periodicidade mínima mensual, o cumprimento das condicións de autorización e, en especial, a efectividade dos medios empregados para manter os animais protexidos do ataque de *Culicoides*.

4. Remítiranse á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as autorizacións pertinentes e os códigos de rexistro dos centros de mostraxe para a lingua azul, co fin de elaborar unha listaxe de tales instalacións.

5. En caso de que se trate de instalacións onde se agrupen animais de distintas orixes co fin de os someter a probas de diagnóstico fronte á lingua azul, remítirase á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información pertinente co fin de elaborar unha listaxe das ditas instalacións.

#### Artigo 4. *Requisitos xerais dos movementos para vida desde a zona restrinxida.*

1. Todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga. Cando os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente.

No caso de movemento de animais transhumantes vacinados de acordo co establecido no anexo I, estes poderán abandonar a zona restrinxida «a pé», non quedando eximidos do resto dos puntos do presente artigo.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante cunha antelación máxima de 5 días naturais previos ao transporte ou cun produto repelente o día do transporte. Anteriormente, nas explotacións de orixe procederase á desinsectación previa dos locais e arredores en que permanezan os animais, procedéndose a esta tantas veces como sexa necesario para garantir a actividade do desinsectante empregado.

e) Todos os animais que abandonen a zona restrinxida para o seu movemento para vida dentro de

España deberán estar marcados de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea. Esta marcación realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantirse en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. No resto de ruminantes, a marcación efectuarase mediante unha marca auricular de cor.

2. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei de sanidade animal, ou como documentación anexa a este, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación de tales medidas e, nos casos que así proceda de acordo con este artigo, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos ditos animais, de ser o caso, a data de vacinación e o tipo de vacina administrada e a identificación do recinto do medio de transporte.

3. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino, cunha antelación mínima de 48 horas.

#### Artigo 5. *Requisitos específicos dos movementos para vida desde a zona restrinxida.*

Ademais dos requisitos do artigo anterior, segundo o destino dos animais, deberánse cumprir os seguintes requisitos adicionais en función do tipo de movemento:

a) Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece para o efecto a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas.

b) Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida a explotacións situadas en zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, coas condicións que establece a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005. Por isto, os animais obxecto de traslado deberán cumprir, polo menos, algunha das condicións indicadas no anexo I.

Sen prexuízo disto, cando se trate do movemento de ovinos menores de dous meses de idade desde zona restrinxida con destino a ceiba, a explotacións situadas en zona libre, dentro do territorio nacional, os animais quedarán inmovilizados na explotación de destino e protexidos do ataque de *Culicoides* e terán como único destino final o sacrificio en matadoiros nacionais. Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha listaxe de explotacións de ceiba de ovino que cumbran os requisitos hixiénico-sanitarios para a súa autorización para recibir ovinos de ceiba de menos de 2 meses de zonas de restrición. Esta listaxe será remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do

Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha listaxe nacional e poñela á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

**Artigo 6. *Movimentos para sacrificio desde a zona restrinxida.***

1. Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderán moverse para sacrificio directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005.

2. Os requisitos para autorizar os movementos para sacrificio de animais de especies sensibles desde explotacións radicadas na zona restrinxida, con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, serán os seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinfectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados ao matadoiro para o seu sacrificio inmediato, baixo supervisión oficial. Cando os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar animais a este e notificará a súa chegada á autoridade sanitaria competente en materia de expedición.

e) Cando os movementos para sacrificio teñan por destino matadoiros localizados fóra da zona restrinxida, no matadoiro, así como na explotación de orixe, procederase á desinsectación previa dos locais e arredores en que vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino poderá exceptuar da previa desinsectación o matadoiro de destino, cando este se encontre situado en zona libre e non exista risco de presenza do vector.

f) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente cunha antelación máxima de 7 días naturais ao transporte, tendo en conta o período de supresión do produto empregado.

3. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei de sanidade animal, ou como documentación anexa a este, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, de ser o caso, tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación de tales medidas e, nos casos que así proceda de acordo con este artigo, a identificación do recinto do medio de transporte.

4. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

**Artigo 7. *Movimentos de reses de lida desde a zona restrinxida destinados a espectáculos taurinos.***

Non obstante o previsto nos artigos anteriores, poderanse autorizar, cos requisitos mínimos seguintes, os movementos de reses de lida con destino a espectáculos taurinos desde zona restrinxida:

a) Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas, a excepción da reexpedición a orixe dentro da zona restrinxida.

b) O incumprimento das garantías sanitarias establecidas neste artigo ou no seguinte, especialmente daquelas que supoñan un risco de difusión da enfermidade, autorizará as autoridades sanitarias competentes para ordenar o sacrificio e a destrución inmediata dos animais da partida, sendo por conta do organizador do espectáculo os gastos derivados desta actuación.

c) Os movementos de reses vacinadas con destino a zona libre realizaranse de acordo co indicado nos artigos 4, 5 e 9 da presente orde.

d) Os movementos de reses non vacinadas con destino a zona libre poderanse realizar de acordo co indicado no artigo seguinte.

**Artigo 8. *Movimentos de reses de lida non vacinadas desde a zona restrinxida destinados a espectáculos taurinos en zona libre.***

1. Poderanse autorizar os movementos de reses de lida non vacinadas desde zona restrinxida con destino a espectáculos taurinos, cos seguintes requisitos mínimos:

a) Os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida de zona restrinxida de España para o desenvolvemento dun espectáculo taurino, deberánlo comunicar á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, cunha antelación mínima de 30 días naturais á data prevista de chegada dos animais ao seu destino.

Neste comunicado, constará polo menos a seguinte documentación:

1.º Identificación do empresario en que figure nome, NIF ou CIF, razón social, teléfono e fax de contacto.

2.º Número de animais previstos da partida coa súa identificación, así como explotación de orixe e localización desta (municipio e provincia).

3.º Data prevista do traslado, data prevista de chegada dos animais e data de celebración do espectáculo taurino.

4.º Descrición detallada do espectáculo ou espectáculo taurino, indicando a posibilidade de animais de reserva e número previsto.

5.º Clasificación tipo I ou II prevista do espectáculo, con base na definición do artigo 2.

6.º Características do recinto taurino e instalacións anexas, así como lugar de localización destes.

7.º Certificación do empresario, en que se responsabilice da realización das seguintes actuacións:

Desinsectación previa dos recintos taurinos, así como dos animais de lida desde a súa chegada, e en tantas ocasións como requira a autoridade competente da Comunidade Autónoma de destino.

Tratamento desinsectante ou repelente dos animais equinos e animais de especies sensibles que vaian entrar en contacto cos animais da partida.

Transporte e eliminación, cando proceda, dos animais sacrificados ou mortos, de acordo coa lexislación vixente.

8.º Sacrificio de todos os animais da partida con orixe na zona restrinxida (non lidados, indultados, de reserva ou non aptos no recoñecemento), ou actuacións que se realicen para a reexpedición no prazo que establece a autoridade sanitaria onde se encontren os animais.

b) O órgano competente en sanidade animal de destino, informará no prazo mínimo de 20 días naturais antes da data prevista para o movemento dos animais, á autoridade competente en sanidade animal de orixe e ao organizador responsable do espectáculo, da autorización, de ser o caso, do movemento da partida e das condicións en que este debe producirse, que serán as seguintes:

1.º Para a celebración dos espectáculos de tipo I, os animais serán tratados cun desinsectante cunha antelación máxima de 7 días naturais ao embarque ou cun repelente o día do embarque. Na chegada ao seu destino, os animais serán tratados novamente mediante a aplicación dun insecticida ou repelente.

2.º Para a celebración dos espectáculos de tipo II, os animais serán tratados cun desinsectante cunha antelación máxima de 7 días naturais ao embarque ou cun repelente o día do embarque. A autoridade sanitaria competente en destino realizará unha avaliación de risco, e poderá requirir a realización de actuacións adicionais a todos os animais da partida con base nunha análise de risco, que terá en conta, polo menos, os seguintes elementos:

Resultados obtidos no programa de vixilancia entomolóxica.

Condicións hixiénico-sanitarias do lugar de celebración do espectáculo así como das instalacións para a súa celebración.

Proximidade dos recintos a outras explotacións gandeiras de animais sensibles.

Clase de espectáculo taurino e duración deste.

Época do ano en que terá lugar o espectáculo.

No caso de que o espectáculo se vaia celebrar nunha comarca ou nunha época do ano, onde os resultados obtidos no programa de vixilancia entomolóxica determinen que non existe presenza de vector ou que non existen poboacións suficientes de vector capaces de actuar como transmisores da enfermidade, só se deberán cumprir as condicións requiridas para espectáculos tipo I.

Con base no resultado da avaliación de risco do espectáculo de tipo II, a autoridade competente de destino poderá determinar que se leven a cabo todas ou algunha das seguintes actuacións adicionais:

Todos os animais da partida serán tratados en orixe cun desinsectante ou repelente baixo supervisión veterinaria, cunha antelación de 7 días naturais á toma de mostras para a realización dun control analítico de PCR, que deberá resultar negativo para a autorización de movemento. No momento da toma de mostras, os animais serán tratados novamente cun produto desinsectante ou repelente. O movemento deberá producirse nos 7 días naturais posteriores á toma de mostras.

A aparición dun animal positivo a PCR dará lugar á realización dun estudo epidemiolóxico polas autoridades de sanidade animal de orixe, co fin de descartar a existencia de circulación viral. En caso de descartarse, o ou os animais positivos poderanse substituír por outros animais con resultado negativo que fosen sometidos ao tratamento con desinfectante ou repelente e á toma de mostras previstos neste punto.

No momento da chegada ao seu destino, os animais serán tratados novamente mediante a aplicación dun insecticida ou repelente. Este tratamento será aplicado tantas veces como o coide oportuno a autoridade sanitaria competente en destino.

c) O gandeiro deberá solicitar autorización para o movemento á autoridade competente en sanidade animal en orixe cunha antelación mínima de 15 días naturais ao traslado dos animais. Xunto a esta solicitude, achegarase a documentación acreditativa das seguintes actuacións:

1.º Programa rutineiro, supervisado por un responsable sanitario, de desinsectación dos locais e arredores nos cales permanezan os animais, especialmente dos currais ou instalacións de illamento, os currais de achi-que, tourís e manga sanitaria e de carga.

2.º Programa rutineiro de desinsectación ou desparasitación con ectoparasiticidas dos animais.

3.º No caso de espectáculos taurinos do TIPO II, cando proceda, solicitude de supervisión do tratamento con desinfectante ou repelente, así como solicitude de toma de mostras tras a aplicación do desinsectante ou repelente, para a realización de probas analíticas.

d) O interior dos caixóns ou cubículos individuais dos vehículos en que sexan transportados os animais deberán ser desinfectados antes da carga.

e) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

f) Os animais serán transportados directamente ao recinto taurino en vehículos cuxos caixóns ou cubículos, tanto baleiros como con animais, deberán estar precintados pola autoridade competente, baixo supervisión oficial.

g) O organizador do espectáculo notificará ás autoridades sanitarias a chegada dos animais ao seu destino, as cales comparecerán ou habilitarán o persoal correspondente, para proceder a desprecintar o camión, controlar a documentación e realizar aquelas actuacións que consideren oportunas.

h) A autoridade competente de destino notificará a súa chegada á autoridade competente en materia de sanidade animal de orixe.

i) No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei de sanidade animal, ou como documentación anexa a el constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, nos casos que así proceda, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos citados animais, do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, de ser o caso, tempo de espera), a identificación do precinto do medio de transporte, así como a identificación do responsable en orixe da aplicación de tales medidas.

j) Os animais deberán estar marcados antes de abandonar a zona restrinxida. Esta marcación realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantirse en todo momento que tal marcación se mantén no DIB dos animais cando se emita un novo documento por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

k) Nos recintos taurinos en que se vaia efectuar o espectáculo, efectuarase unha desinsectación previa dos locais e arredores onde vaian permanecer os animais, por parte dos seus propietarios ou empresa organizadora, baixo supervisión veterinaria.

l) Os equinos e cabestros ou outros animais sensibles que puidesen entrar en contacto cos animais da partida deben estar previamente desinsectados e tratados con repelente, baixo supervisión veterinaria.

m) Os animais da partida permanecerán até o momento da celebración do espectáculo ou tras a súa celebración até o momento do seu sacrificio no caso de autorización de sobrantes, protexidos do ataque de Culioides, ben mediante a súa inmovilización en instalacións cerradas ou mediante a aplicación dun tratamento desinsectante ou repelente, polo menos unha vez cada 5 días naturais.

n) Os animais aos que non se lles dese morte durante a celebración do espectáculo serán sacrificados ou reexpedidos directamente á explotación de orixe no prazo que estableza a autoridade sanitaria onde se encontren os animais.

Non obstante, a autoridade sanitaria de destino, con base na análise de risco, poderá autorizar, nas condicións que esta estableza, a permanencia dos animais de reserva nos recintos taurinos durante máis tempo até a súa morte ou a súa reexpedición á explotación de orixe.

No caso de reexpedición, os animais serán tratados novamente cun produto desinfectante ou repelente inmediatamente antes do embarque. O vehículo de transporte será desinsectado antes da carga e os caixóns ou cubículos, tanto baleiros como con animais, deberán estar desinsectados e precintados baixo supervisión da autoridade competente.

A autoridade sanitaria de orixe notificará a reexpedición dos animais ás autoridades sanitarias de destino onde radique a explotación, as cales realizarán as actuacións necesarias para comprobar a chegada de tales animais.

o) En caso de ser necesaria a substitución de animais, de entre os que figuren identificados na comunicación inicial do organizador referida na letra a), poderase autorizar a súa substitución por outras reses da mesma gandaría e que fosen sometidas aos mesmos requirimentos sanitarios establecidos no presente artigo para o tipo de espectáculo I ou II de que se trate, a excepción do prazo de 30 días.

2. Non obstante o disposto no punto 1, as autoridades sanitarias de sanidade animal de destino poderán autorizar a entrada de animais de lida para espectáculos taurinos de tipo I en prazas que demostrasen cumprir os requirimentos para celebrar este tipo de espectáculos, ou nas cales non exista risco de presenza do vector, sen precisar o cumprimento dos prazos estipulados nas letras a) e b) de tal epígrafe. Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha listaxe de prazas de touros que cumpran os requisitos, que será remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha listaxe nacional e poñela á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

3. Cando o movemento de reses de lida se produza entre unha zona restrinxida e unha zona libre dentro da mesma comunidade autónoma, as referencias á autoridade competente en materia de sanidade animal de orixe e de destino contidas neste artigo entenderanse feitas aos órganos competentes que correspondan da comunidade autónoma.

#### Artigo 9. *Vacunación de especies sensibles en zona restrinxida.*

1. A vacinación levarase a cabo baixo supervisión oficial e coas vacinas que para tal fin subministre a Dirección Xeral de Gandarías ás comunidades autónomas das zonas restrinxidas.

2. Os animais vacinados deberán marcarse no momento da primeira vacinación cunha marca auricular de cor en que figurará, ao menos, a lenda «LA». Non obstante, no caso de bovinos, esta marcación poderá realizarse no documento de identificación bovina (DIB), previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantirse en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

As autoridades competentes en sanidade animal das comunidades autónomas levarán a cabo un rexistro dos animais vacinados, nos cales, polo menos, figurará o ano/mes de primeira vacinación e de sucesivas vacinacións, o código de explotación e a identificación individual dos animais, cando proceda.

3. Co fin de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 11.2 do Real decreto 1228/2001, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán á Subdirección Xeral de Sanidade Animal os programas de vacinación que pretendan aplicar no seu territorio, co fin de trasladalo á Comisión Europea.

#### Artigo 10. *Esperma, óvulos e embrións.*

O traslado de esperma, óvulos e embrións de doadores de zona restrinxida rexeráse polo previsto na Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005.

#### Artigo 11. *Zona libre.*

Os movementos de saída desde unha zona libre, ou dentro da dita zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida como para sacrificio, ou con destino a espectáculos taurinos, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

#### Artigo 12. *Tránsito por zona restrinxida.*

O tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona libre, a través de zona restrinxida, con destino directo a outra zona libre, queda prohibido.

#### Artigo 13. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas, con orixe en explotacións situadas na zona restrinxida, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Os animais obxecto de movemento deberán ter sido desinsectados como máximo dentro dos 5 días naturais previos ao movemento ou ben tratados cun repelente. Así mesmo, os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

b) A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.

#### Artigo 14. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto na presente orde, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria primeira. *Movemento de reses de lida para a celebración de espectáculos taurinos até o 1 de xuño de 2006.*

1. Non obstante o disposto no artigo 8.1, o movemento de reses de lida desde zonas restrinxidas con destino a espectáculos taurinos que se celebren en territorio nacional até o 1 de xuño de 2006 incluído, poderase autorizar co cumprimento das condicións seguintes:

a) A prevista na letra a) do artigo 8.1, a excepción do requisito de que a comunicación e documentación a que este se refire, se presente á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, cunha antelación mínima de 30 días naturais á data prevista de chegada dos animais ao seu destino.

b) As previstas nas letras d) a n), ambas inclusive, do artigo 8.1.

c) Que todas as reses de lida da partida serán tratadas cun desinsectante cunha antelación máxima de 7 días naturais previos ao embarque ou cun repelente o/os días previos ao embarque.

2. Os movementos previstos nesta disposición requirirán a autorización expresa da comunidade autónoma de destino.

Disposición transitoria segunda. *Réxime temporal de movementos para vida desde explotacións situadas en zona restrinxida.*

1. Non obstante o previsto no artigo 5.b), o movemento cara a zona libre de animais sensibles para vida desde explotacións situadas nas provincias ou comarcas veterinarias relacionadas no anexo II antes da aparición do vector nelas, sempre e cando non se constate a reaparición da enfermidade, e en todo caso até as datas máximas respectivas fixadas no anexo II, realizarase co cumprimento dalgunha das seguintes condicións:

a) Que os animais permanecesen durante polo menos 28 días nunha zona do anexo II en que non se constatase a presenza do vector e até a data prevista de reaparición deste, período tras o cal se tomaron mostras e resultaron seroloxicamente negativos (ELISA), ou

b) Que os animais permanecesen durante polo menos 7 días nunha zona do anexo II en que non se constatase a presenza do vector e até a data prevista de reaparición deste, tras o cal se tomaron mostras e resultaron viroloxicamente negativos (PCR), ou

c) Que se trate de animais que permanecesen desde o seu nacemento en zonas onde non se constatou a actividade do vector, ou

d) Que se trate de ovinos vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento. No caso doutras especies sensibles ou de ovinos vacinados cunha soa dose de vacina inactivada sen que previamente estivesen vacinados con vacina viva, permitirase o movemento entre 30 días e 6 meses tras a vacinación.

2. Así mesmo, o movemento de animais sensibles dentro de zona restrinxida desde zonas en que se constata a actividade do vector a zonas en que este non exista con base no anexo II, deberase realizar co cumprimento dalgunhas das condicións previstas no anexo I. O movemento dentro da zona restrinxida entre zonas que teñan igual clasificación con base no anexo II ou de zonas restrinxidas sen vector a zonas con vector, requirirá unicamente o cumprimento do artigo 4.1

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se o poñan ao disposto nesta orde e, en espe-

cial, a Orde APA/1/2006, do 10 de xaneiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa e título de competencias.*

Esta orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, a excepción da regulación relativa aos movementos con países terceiros, que se dita de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup>, primeiro inciso, da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de abril de 2006.

ESPINOSA MANGANA

## ANEXO I

**Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul, desde explotacións situadas en zona restrinxida a explotacións situadas en zona libre do territorio nacional**

O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas en zona restrinxida a explotacións situadas en zona libre do territorio nacional poderá realizarse se se cumpre algunha das seguintes condicións:

Que estivesen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, 28 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba serolóxica para a detección dos anticorpos do grupo do virus da febre catarral ovina, con resultados negativos, e esta proba deberá terse efectuado con mostras tomadas, como mínimo, 28 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Que estivesen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, 7 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR), con resultados negativos, e esta proba deberá terse efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, sete días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Que se trate de ovinos vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento. No caso doutras especies sensibles ou de ovinos vacinados cunha soa dose de vacina inactivada sen que previamente estivesen vacinados con vacina viva, permitirase o movemento entre 30 días e 6 meses tras a vacinación.

Que se trate de ovinos non vacinados de até 2 meses de idade nacidos de femias vacinadas, con destino a ceba, caso en que os animais só se poderán destinar a cebadeiros autorizados polas autoridades competentes de destino.

## ANEXO II

**Clasificación de provincias ou comarcas en función dos datos entomolóxicos de reinicio de actividade de Culicoides imicola adultos**

Terán a condición de provincias ou comarcas con reinicio da actividade de *C. imicola* a partir da data indicada,

e polo tanto, deixará de aplicárselles a disposición transitoria segunda, as seguintes:

A) A partir do 1 de maio:

Provincia de Huelva.

Provincia de Cádiz: as comarcas veterinarias da Janda e Campo de Gibraltar.

Provincia de Málaga: a comarca veterinaria de Estepona.

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Jerez de los Caballeros, Badajoz, Zafra, Mérida e Don Benito.

B) A partir do 15 de maio:

Provincia de Cádiz: o resto de comarcas veterinarias da provincia.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Ronda e Antequera.

Provincia de Córdoba.

Provincia de Sevilla.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Andújar, Jaén, Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Badajoz: o resto de comarcas veterinarias da provincia.

Provincia de Cáceres.

Provincia de Toledo.

Provincia de Ciudad Real.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Candeleda, Arenas de San Pedro e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Madrid: as comarcas veterinarias de San Martín de Valdeiglesias, Navalcarnero, Griñón e Aranjuez.

C) A partir do 22 de maio:

Provincia de Madrid: a comarca veterinaria de El Escorial.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Cebros, Las Navas del Marqués e Navalenguera.

Provincia de Salamanca: as comarcas gandeiras de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

**7579** *ORDE APA/1242/2006, do 26 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 101, do 28-4-2006.)*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e a Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

A Directiva 2006/35/CE da Comisión, do 24 de marzo de 2006, modifica os anexos I a IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para

os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e a Directiva 2006/36/CE da Comisión, do 24 de marzo de 2006, modifica a Directiva 2001/32/CE, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, mediante esta orde incorpóranse ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/35/CE da Comisión, do 24 de marzo de 2006, e a Directiva 2006/36/CE da Comisión, do 24 de marzo de 2006.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

*Artigo único. Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, queda modificado como segue:

Un. No anexo I, a parte B queda modificada como segue:

1. A columna da dereita do punto 1 da letra a) queda redactada do seguinte modo:

«IRL, P [Azores, Beira interior, Beira litoral, Entre Douro e Minho, Madeira, Ribatejo e oeste (municipios de Alcobaça, Alenquer, Bombarral, Cadaval, Caldas da Rainha, Lourinhã, Nazaré, Óbidos, Peniche e Torres Vedras) e Trás-os-Montes] FIN, S, UK.»

2. Suprímese «LT» do punto 1 da letra b).

Dous. No anexo II, a parte B, a columna da dereita do punto 2 da letra b) queda modificada como segue:

«E, EE, F (Córsega), IRL I [Abruzzi; Apulia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romaña: provincias de Forlì-Cesena (agás a área provincial situada ao norte da estrada nacional n.º 9 –Vía Emilia), Parma, Piacenza, Rimini (agás a área provincial situada ao norte da estrada nacional n.º 9 –Vía Emilia), Friuli-Venecia Giulia; Lacio; Liguria; Lombardia; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: agás, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba e Salara; na provincia de Padua os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani e Masi; e na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Rouco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza e Angiari], LV, LT A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estíria e Viena], P, SI (agás as rexións de Gorenjska e Maribor), SK [agás os municipios de Blahová, Horné Mýto e Okoc (distrito de Dunajská Streda), Hronovce e Hronské Klacany (distrito de Levice), Velké Ripňany (distrito de Topolcany), Málíneck (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava),